


CADERNO DE INFORMACIÓN ACADÉMICA PARA 2º DE ESO

“COÑECE O SISTEMA EDUCATIVO”



IES TERRA DE SONEIRA
DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
CURSO 2012/2013

Organigrama do Sistema Educativo



I. AS ENSEÑANZAS DE RÉXIME XERAL:

Que é a Educación Secundaria Obrigatoria

Etapa educativa coñecida como a ESO.

É de carácter obrigatorio.

Esta dirixida ao alumnado dende os 12 ata os 16 anos.

Consta de 4 cursos.

A ESO é diferente da educación primaria, pois un profesor se ocupa de cada área de coñecemento, os alumnos e alumnas iníciáanse con carácter xeral nunha segunda lingua estranxeira, e según se vai avanzando de curso a curso aparecen materias optativas que terás que escoller en función das túas preferencias.

O cuarto curso é un momento esencial para o futuro académico ou profesional do alumnado, pois existen moitas materias optativas para elixir en función dos intereses, motivacións e capacidades que cada un teña.

As opcións serán diferentes en función dos estudos posteriores que se desexen cursar.

Ao longo de toda a escolarización no ensino básico, os centros teñen un plan de orientación e acción tutorial que apoia os procesos de aprendizaxe e guía o alumnado na súa elección de itinerarios formativos e profesionais.

Que finalidades ten a ESO

- Transmitir os elementos básicos da cultura
- Formar para asumir os seus deberes e exercer os seus dereitos
- Preparar para acceder a vida activa, á formación profesional de grao medio ou ao bacharelato
- O título acadado é o título mínimo que se esixe actualmente para desempeñar un posto de traballo, sen el terás unhas nulas posibilidades de ter un contrato de traballo.

Que título se obtén ao superar a ESO

O alumnado que superou os estudos de educación secundaria obrigatoria obtén o **título de graduado en educación secundaria**.



O título é necesario para poder continuar estudos posteriores, xa sexan de bacharelato

ou ciclos formativos de grao medio.

O título acadado é o título mínimo que se esixe actualmente para desempeñar un posto de traballo, sen el terás unhas nulas posibilidades de ter un contrato de traballo.

Que materias se estudan en 3º e 4º de ESO

3º ESO

4º ESO

<p>LINGUA CASTELÁ E LITERATURA</p> <p>LINGUA GALEGA E LITERATURA</p> <p>MATEMÁTICAS</p> <p>1ª LINGUA ESTRANXEIRA (Inglés, Francés)</p> <p>FÍSICA E QUÍMICA</p> <p>BIOLOXÍA E XEOLOXÍA</p> <p>EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL</p> <p>TECNOLOXÍAS</p> <p>EDUCACIÓN FÍSICA</p> <p>CIENCIAS SOCIAIS, XEOGRAFÍA E HISTORIA</p> <p>MÚSICA</p> <p>RELIXIÓN / HISTORIA DAS RELIXIÓNS / ATENCIÓN EDUCATIVA</p> <p>Escoller unha materia de entre:</p> <ul style="list-style-type: none"> - 2ª LINGUA ESTRANXEIRA (Inglés ou Francés) - CULTURA CLÁSICA - OBRADOIRO DE INICIATIVAS EMPRENDEDORAS 	<p>LINGUA CASTELÁ E LITERATURA</p> <p>LINGUA GALEGA E LITERATURA</p> <p>MATEMÁTICAS</p> <p>1ª LINGUA ESTRANXEIRA (Inglés, Francés)</p> <p>EDUCACIÓN FÍSICA</p> <p>CIENCIAS SOCIAIS, XEOGRAFÍA E HISTORIA</p> <p>EDUCACIÓN ÉTICO - CIVICA</p> <p>RELIXIÓN / HISTORIA DAS RELIXIÓNS / ATENCIÓN EDUCATIVA</p> <p>Escoller tres materias de entre:</p> <ul style="list-style-type: none"> - 2ª LINGUA ESTRANXEIRA (Inglés ou Francés) FÍSICA E QUÍMICA BIOLOXÍA E XEOLOXÍA EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL TECNOLOXÍA MÚSICA LATÍN INFORMÁTICA <p>Escoller unha materia de entre:</p> <ul style="list-style-type: none"> OBRADOIRO DE INICIATIVAS EMPRENDEDORAS CULTURA CLÁSICA CALQUERA MATERIA DAS OUTRAS OPTATIVAS.
--	---

Que poden facer os alumnos que non progresan adecuadamente na ESO

A obtención do título de graduado en educación secundaria é tan importante para asegurar un futuro académico ou profesional e unha inserción laboral adecuada que, durante a escolarización na ESO, ofrécense diversas posibilidades para axudar ó alumnado con dificultades e con risco de fracaso ou abandono escolar.

Existen diferentes agrupamentos e programas de apoio ao alumnado para que poida obter o título de graduado en educación secundaria.

O alumnado que xa repetira na etapa ou curse 3º ou 4º de ESO e teña dificultades, pode cursar un **Programa de Diversificación Curricular**, durante un ano ou dous.

Nos programas de diversificación curricular, os grupos son dun máximo de 10 alumnos. A atención individualizada que reciben os alumnos permítelles, se teñen motivación, interese e capacidade suficientes, obter o título de graduado en educación secundaria (ESO). Para ser proposto para estes programas tan só hai que cumprir uns requisitos: ter algunhas dificultades de aprendizaxe, ter repetido algún curso na etapa, e o máis importante: demostrar esforzo nos estudos.

Se non se logra o título de graduado en educación secundaria é recomendable cursar un **Programa de Cualificación Profesional Inicial** para evitar incorporarse ao mundo laboral sen cualificación.

Se tes 18 anos e non acadache o título de ESO tamén podes acceder á **modalidade de Adultos** para facer os cursos que che quedaran sen aprobar de ESO. Nesta modalidade as non hai límite de tempo para acadar o título. Os 4 cursos da ESO comprímense en dous, de tal xeito que no 1º ano cúrsase 1º e 2º de ESO en dous cuatrimestres, e no 2º ano cúrsase 3º e 4º en outros dous cuatrimestres.

Excepcionalmente poderase acceder á ESA (Educación Secundaria de Adultos) os maiores de 16 anos se teñen un contrato de traballo.

Que son os Programas de Cualificación Profesional Inicial (PCPI)

Son accións formativas que están dirixidas a persoas maiores de 15 anos que, por diferentes circunstancias, non obtiveron o título de graduado en educación secundaria (ESO) e están en risco de abandono escolar.

Proporcionan unha formación básica e profesional vinculada coas especialidades das distintas familias profesionais.

Teñen unha duración de dous cursos. O primeiro curso é para formarse nunha profesión que ti escollas, e no segundo curso estudarás 3º e 4º de Educación Secundaria

de Adultos en dous cuadrimestre. Para obter un certificado hai que cursar obrigatoriamente o 1º ano e o 1º cuadrimestre (3º ESA) do 2º ano. Pero se superas tamén o 2º cuadrimestre (4º ESA) obterás o título de ESO.



As especialidades que se ofertan son:

- PCPI de servizos administrativos.
- PCPI de pedra natural.
- PCPI de asistencia en actividades e en instalacións deportivas.
- PCPI de informática.
- PCPI de xardinaría e viveirismo.
- PCPI de fontanaría, calefacción e climatización doméstica.
- PCPI de producións agrícolas.
- PCPI de estética.
- PCPI de arranxos florais.
- PCPI de peiteado.
- PCPI de reprografía.
- PCPI de carpintaría.
- PCPI de operacións en industrias gráficas.
- PCPI de pesca e transporte marítimo.
- PCPI de moldes e pezas cerámicas artesanais.
- PCPI de emprego doméstico.
- PCPI de comercio.
- PCPI de limpeza de edificios, locais e moblaxe.
- PCPI de instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións.
- PCPI de costura.
- PCPI de montaxe de redes eléctricas.
- PCPI de reparación de calzado e marroquinaría.
- PCPI de albanelaría.
- PCPI de tapizaría.
- PCPI de revestimentos de obra.
- PCPI de cortinaxe e complementos de decoración.
- PCPI de fabricación mecánica.
- PCPI de lavandaría.
- PCPI de cociña.
- PCPI de mantemento de vehículos.
- PCPI de servizos de restauración.
- PCPI de mantemento estrutural e superficial de embarcacións.
- PCPI de aloxamento.
- PCPI de cerámica.
- PCPI de pastalaría.

Quen adquire esta iniciación profesional, pode:

- Incorporarse directamente ao mundo laboral xa que obtén o título de ESO, se supera os dous cursos completos.
- Realizar un ciclo de formación profesional de grao medio.

Que estudos se poden realizar co título de graduado en educación secundaria

O título de graduado en educación secundaria permite acceder:

- Aos ciclos de formación profesional de grao medio.
- Ao bacharelato.

Que é a Formación Profesional

Ensinanzas que capacitan para o exercicio dunha profesión utilizando con autonomía e eficacia os instrumentos e técnicas que lle son propios.

Duran dous cursos e organízanse en ciclos de grao medio e ciclos de grao superior.

Estan conformados por unha serie de módulos de formación teórico-práctica mediante os que se adquiren as competencias propias do título.

No segundo curso, o alumnado ten que realizar un módulo de “formación en centros de traballo” (FCT – prácticas na empresa). A FCT complementa as competencias profesionais adquiridas no centro educativo e permite o contacto co mundo das empresas e co mercado labora. É esencial para lograr unha formación profesional adecuada, así como para favorecer a inserción laboral.

A superación de todos os módulos dun ciclo permite a obtención do título de técnico ou técnico superior, según se cursaras un título de grao medio ou superior.

O título posibilita a incorporación ao mundo laboral cunha formación que lle permitira traballar como autónomo ou como asalariado, cunha cualificación profesional suficiente para o desempeño da súa profesión.

Para acceder ós ciclos formativos de grao medio débese ter o título de ESO, ou superar un PCPI, ou superar unha proba de acceso se cumpres 17 anos.

Para acceder ós de grao superior débese cursar previamente o bacharelato ou superar unha proba de acceso se tes 19 anos. Non se pode acceder directamente dende un ciclo de grao medio a un de grao superior.

Hai máis de 100 títulos de FP diferentes que podes estudar.



Formación Profesional

As especialidades (Familias Profesionais) son:



Dentro de cada familia profesional ofértanse ciclos de grao medio e ciclos de grao superior.

Que outras formas existen para acceder á formación profesional específica

Lembra que as persoas que non posúan os requisitos académicos poden acceder mediante a superación dunha proba de acceso.

As condicións que se deben cumprir para presentarse son:

- Para a proba de acceso os ciclos de grao medio é necesario ter 17 anos.
- Para a proba de acceso os ciclos de grao superior, é necesario ter 19 anos.

Así que se non tes o título de bacharelato non podes acceder a un ciclo de grao superior, terías que superar a proba de acceso. Tampouco podes acceder directamente dende un ciclo de grao medio a un superior.

A proba de acceso a ciclos de grao medio

Esta proba está pensada para os que non acadan o título da ESO pola vía ordinaria ou por adultos e desexan acceder a un Ciclo de formación profesional de grao Medio. Poden presentarse a unha proba, que unha vez superada, da un certificado que permite o acceso a calquera Ciclo de Grao Medio. Non dá o título de ESO. Así que despois de superar a proba é necesario cursar un ciclo e superalo para poder acadar unha titulación mínima para traballar.

Para poder presentarse hai que cumprir 17 anos no ano en que se celebran as probas. Hai unha convocatoria cada ano.

En que consiste a proba?

Consistirá tres partes:

1ª parte: sociolingüística (con exercicios sobre contidos de lingua e literatura española, de lingua e literatura galega e de ciencias sociais).

2ª parte: de contidos de tipo científico – técnico (con exercicios sobre contidos de Ciencias da Natureza e Tecnoloxía).

3ª parte: de contidos matemáticos.

Os contidos das probas saen das materias de 3º e 4º de ESO.

Que nota hai que acadar?

Para a superación da proba hai que acadar unha cualificación mínima de 5 como nota media das tres partes. Para realizar a media hai que acadar un mínimo de catro en cada parte.

Que é o bacharelato e que título proporciona

Etapa educativa de dous anos de duración.

Accédese co título de graduado en educación secundaria.

Existen tres modalidades, con materias diferentes en cada modalidade.

Cursanse materias comúns, materias propias da modalidade que preparan para estudos posteriores dunha maneira máis específica, e materias optativas que responden aos intereses do alumnado.

As materias comúns e obrigatorias a calquera modalidade son: lingua castelá e literatura, lingua galega e literatura, lingua estranxeira, filosofía e cidadanía, ciencias para o mundo contemporáneo, educación física, historia de España.

As modalidades e as súas materias son as seguintes:

1. **Artes (Artes plásticas, deseño e imaxe / Artes escénicas, música e danza).** As materias que se imparten son, dependendo de un ou outro itinerario: Cultura audiovisual, Debuxo artístico e Debuxo Técnico, Historia da Arte, Análise musical, Anatomía aplicada, Linguaxe e práctica musical, Artes Escénicas, Historia da música e da danza,
2. **Ciencias e tecnoloxía,** coas seguintes materias para escoller: matemáticas, física e química, bioloxía, debuxo técnico, tecnoloxía industrial, ciencias da terra de ambientais,
3. **Humanidades e ciencias sociais,** con materias tamén para escoller entre: Historia do Mundo contemporáneo, economía, matemáticas aplicadas ás ciencias sociais, grego, latín,

Cada modalidade esta relacionada con determinados estudos académicos ou profesionais posteriores.



A superación de todas as materias que se cursan nesta etapa da dereito o título de bacharel.

O título permite o acceso directo aos ciclos formativos de grao superior ou a realización das probas que, logo de superadas, dan acceso á universidade.

II. AS ENSINANZAS UNIVERSITARIAS:

- A universidade é unha institución de educación superior onde se imparten as ensinanzas oficiais de maior nivel dentro do sistema educativo español.
- Unha carreira universitaria dura 4 anos.
- Permiten o acceso ao mundo laboral cunha titulación de nivel superior.



Que títulos universitarios hai

Hai cinco grandes ramas de coñecemento e moitos títulos dentro de cada rama:

- **Rama de Ciencias:** Bioloxía, Ciencias Ambientais, Ciencias do Mar, Ciencia e Tecnoloxía dos alimentos, Física, Matemáticas, Química.
- **Rama de Ciencias da saúde:** Medicina, Enfermería, Podoloxía, Veterinaria, Fisioterapia, Odontoloxía, Nutrición humana e dietética, Farmacia, Logopedia, Psicoloxía, Óptica, Terapia ocupacional,
- **Rama Ciencias Sociais e xurídicas:** Dereito, Relacións Laborais. Administración de empresas, Economía, Administración Pública, Biblioteconomía e Documentación, Ciencias actuariais e financeiras, Mestre, Publicidade e Relacións Públicas, Xornalismo, Ciencias Políticas, Turismo, Comercio e Márketing, Comunicación Audiovisual, Deporte e Educación Física, Traballo social, Educación Social, Pedagogía, Socioloxía.
- **Enxeñerías e Arquitectura:** Arquitectura, enxeñeiro de camiños e portos, de obras públicas, aeronático, agrario, forestal, electricidade, naval, informática, deseño industrial, telecomunicacións, minas, química industrial,
- **Artes e Humanidades:** Filoloxía, Traducción e interpretación , Historia, Belas artes, Restauración, Arte Dramática, Antropoloxía, Filosofía, Xeografía,

As modalidades de bacharelato, en xeral, relaciónanse con estas ramas de coñecemento.



Requisitos para acceder á universidade

Débese ter o título de Bacharelato e superar unha proba de acceso coñecida tradicionalmente como selectividade ou PAU, ou un título de técnico superior (FP de grado superior).

III. AS ENSEÑANZAS DE RÉXIME ESPECIAL:

Proporcionan unha formación específica para garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, a danza, os idiomas, a arte dramática, as artes plásticas e o deseño e as ensinanzas deportivas.



As ensinanzas de música e danza

As ensinanzas de música e de danza están dirixidas á formación de profesionais e teñen as seguintes saídas profesionais: interpretación, docencia, creación e investigación.

Tamén están dirixidas a afeccionados, a quen lles ofrece unha formación práctica. Pódense cursar a calquera idade nas escolas e conservatorios de Música e Danza. Para acceder precisas o título de ESO e superar unha proba de aptitudes.

Organízanse en tres graos que teñen 14 cursos en total.

As ensinanzas de idiomas

Inclúen as ensinanzas das linguas cooficiais do estado e as ensinanzas de linguas estranxeiras.

Impártense, con carácter xeral, nas Escolas Oficiais de Idiomas e en institutos de educación secundaria autorizados. Pódense cursar en tres modalidades: presencial, libre, a distancia.

Constan de tres niveis de dous cursos cada un. En total son 6 cursos. Cada dous cursos podes acadar un certificado. Podes estudar moitos idiomas: Inglés, Francés, Alemán, Ruso, Italiano, Portugués, Galego, Árabe, Xaponés,

Para acceder precisas o título de ESO.

As ensinanzas deportivas

Son ensinanzas dirixidas a formar adestradores.

Existen diversas especialidades deportivas: Fútbol, Fútbol sala, Deportes de inverno (esquí, snowboard), Deportes de montaña e escalada, Atletismo.

Organízanse en dous ciclos de dous cursos cada un. Para acceder ao 1º curso precisas o o título de ESO e superar unha proba de aptitudes deportivas.

As ensinanzas de artes plásticas e deseño

Ofrecen unha formación técnica e unha formación artística que proporcionan unha cualificación profesional.

Comprenden un conxunto de ciclos formativos de grao medio e grao superior organizados en módulos profesionais.

As especialidades que podes estudar son: Escultura, deseño de interiores, xoiería, artes aplicadas ao libro, cerámica, artes aplicadas á indumentaria, deseño industrial, deseño gráfico, artes aplicadas ao muro, esmaltes artísticos, textiles artísticos, arte floral, vidro artístico.

Para acceder a elas, ademais de posuír o título de ESO /Bacharelato, precisas superar unha proba de aptitudes plásticas.

Outros estudos artísticos

- Os estudos superiores da especialidade de Conservación e Restauración de Bens Culturais (para ser restaurador en museos).
- As ensinanzas superiores de Arte Dramática (para ser actor /atriz ou director de cine).
- Os estudos superiores de Deseño, que inclúen tres especialidades: Deseño de Productos, Deseño de Interiores, Deseño Gráfico, Deseño de Moda (para ser deseñador).

Para acceder a todos estes estudos precisas acadar o título de Bacharelato.

IV. AS MATERIAS DE 3º DE ESO:

Escolle as novas materias de 3º de ESO

MATRÍCULA
3ºESO
<input checked="" type="checkbox"/> Bioloxía e xeoloxía.
<input checked="" type="checkbox"/> Física e Química.
<input checked="" type="checkbox"/> CC sociais, xeog e hist.
<input checked="" type="checkbox"/> Educación física
<input checked="" type="checkbox"/> Educación plástica e visual
<input checked="" type="checkbox"/> Lingua castelá e literatura
<input checked="" type="checkbox"/> Lingua galega e literatura
<input checked="" type="checkbox"/> Matemáticas
<input checked="" type="checkbox"/> Música
<input checked="" type="checkbox"/> Tecnoloxías
1º Lingua Estranxeira (escolle unha)
<input type="checkbox"/> Inglés
<input type="checkbox"/> Francés
Alternativas de relixión (escolle unha)
<input type="checkbox"/> Atención educativa
<input type="checkbox"/> Relixión católica
Materia optativa (escolle unha)
<input type="checkbox"/> Cultura Clásica
<input type="checkbox"/> Francés.
<input type="checkbox"/> Obradoiro de Iniciativas emprendedoras.

Coñece as novas materias optativas de 3º de ESO

CONTIDOS PARA A MATERIA DE CULTURA CLÁSICA NA ESO



Todo o que somos o mundo occidental non é mais ca o produto do que fixeron hai case tres mil anos os homes duna pequena vila de Italia, Roma. Nos deixaron, non so a súa obra, senón que tamén actuaron como vehículos de transmisión da cultura doutro pobo, o grego. Ambas culturas se fundiron no que hoxe coñecemos como mundo clásico. A lingua, a relixión cristiá, a literatura, as artes, os espectáculos, as técnicas de guerra, o dereito, a inxenería, a mitoloxía son herdanzas dese pobo, que se estendeu por todo o mundo coñecido e incluso lle deu nome a esta parte, onde para eles se acababa a terra, Finisterrae.

O que tratamos de conseguir en cultura clásica é que o alumno se achegue a todos eses aspectos da cultura destes pobo e perciba a pervivencia deles no mundo actual.

1º TRIMESTRE

- O mito fronte á razón: o espazo xeográfico mítico fronte ao real. A lenda fronte á historia. O pensamento mítico fronte ao lóxico. O heroe fronte ao home. A guerra de Troia. A lenda de Rómulo e Remo.
- A pervivencia da mitoloxía clásica.
- A relixión en Grecia e Roma.
- Linguas clásicas e a súa orixe. Sistemas de escritura. Do alfabeto ao abecedario. As familias lingüísticas. O indoeuropeo. As linguas romances. As linguas flexivas. A evolución das linguas. O latín como orixe de galego e castelán.

2º TRIMESTRE

- A infancia no mundo clásico. A educación.
- A muller en Grecia e en Roma. O matrimonio. A vestimenta.
- O home no mundo clásico. O traballo. A xornada diaria. A vestimenta. A comida.

- A organización e o cómputo do tempo.
- O vocabulario. Palabras patrimoniais, semicultismos, cultismos, latinismos, helenismos, prefixos, sufixos. Palabras procedentes doutras linguas: razón lingüísticas, históricas e culturais.

3º TRIMESTRE

- A arte clásica. Restos arqueolóxicos.
- Xogos e espectáculos.
- Romanización de Europa: historia dun proceso. A supervivencia da cultura indíxena: ritos ligados aos ciclos da natureza, festas, topónimos, tradicións...
- As fontes: as literaturas grega e romana: características xerais. Semellanzas e diferenzas. A literatura clásica e a súa continuidade en Europa. Os principais xéneros.

CONTIDOS PARA A MATERIA DE OBRADOIRO DE INICIATIVAS EMPRENDEDORAS



A materia divídese en tres bloques temáticos e en cada un deles especificanse as unidades didácticas a desenvolver:

Bloque I: O/a emprendedor/ar e a xeración de ideas emprendedoras

- Unidade didáctica 1: A importancia da motivación por emprender económica e social do emprendedor.
- Unidade didáctica 2: As habilidades do emprendedor. Calidades persoais. Habilidades sociais e dirección.
- Unidade didáctica 3: A idea
 - 3.1.- Fontes de ideas. Cómo atopar ideas?
 - 3.2.- Xeración e maduración das ideas para un proxecto emprendedor. A valoración da idea xerada.

Bloque II: Planificar para emprender

- Unidade didáctica 4: O plan de empresa

- 4.1- A necesidades e conveniencia de planificar. Importancia e utilidade dos plans
 - 4.2- Elaboración do plan emprendedor
 - 4.3- A concreción da idea
 - 4.4- A presentación das persoas promotoras do proxecto
 - 4.5- Formas xurídicas de empresa. As empresas de economía social: as cooperativas. As asociacións
 - 4.6- A forma xurídica elixida
- Unidade didáctica 5: Características do produto ofrecido
 - 5.1- A quen vai dirixido?
 - 5.2- A difusión do proxecto
 - 5.3- Cómo se vai desenvolver?
 - Unidade didáctica 6: Os recursos humanos necesarios
 - Unidade didáctica 7: Fontes de financiación
 - 7.1- O financiamento básico necesario
 - 7.2- Previsión dos resultados

Bloque III: A posta en marcha e a execución do proxecto

- Unidade didáctica 8: Posta en marcha.
 - 8.1- Os trámites de constitución e as obrigas ante as diferentes administracións: mercantís , fiscais, sociais.....
 - 8.2- As relacións co mundo laboral: selección de persoal, carta de presentación, currículo , entrevista de traballo
 - 8.3- As axudas aos proxectos emprendedores
- Unidade didáctica 9: Presentación do proxecto.
 - 9.1- Memoria do proxecto
 - 9.2- Conclusión do proxecto, control, avaliación e proposta de mellora.

RESPONDE ÁS SEGUINTE PREGUNTAS

1. Que podo estudar despois da ESO?

.....
.....

2. Se non acado o título de ESO, que opcións teño para seguir estudando?

.....
.....

3. Cales son os requisitos para ser proposto para un Programa de Diversificación Curricular?

.....
.....

4. Quen pode estudar un título de FP de grao medio?

.....
.....

5. Quen pode estudar un título de FP de grao superior?

.....
.....

6. Se quero estudar Educación Secundaria na modalidade de Adultos, cantos anos teño que ter cumpridos?

.....

7. Quen pode estudar o bacharelato?

.....

.....

8. Que modalidades hai de bacharelato?

.....

.....

.....

9. Co título de bacharelato que podo estudar despois?

.....

.....

10. Investiga e escribe os centros que imparten FP e os títulos que se imparten na túa comarca:

11. Que ciclos formativos de Formación Profesional se imparten no noso centro?

12. Investiga e escribe que modalidades de bacharelato se imparten no noso centro:

13. Pregunta que cursos de Educación Secundaria de Adultos se poden estudar no teu centro:

.....

I.E.S. Terra de Soneira

A Gandara 25, Vimianzo, 15129 A Coruña

Tel: 981716376

Email: ies.terradesoneira@edu.xunta.es

Blog de orientación: <http://monicadizorienta.blogspot.com>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA